

ACTO DE BENVIDA PARA O ALUMNADO DE NOVO INGRESO

Na primeira semana de curso organízase unha xornada de benvida para alumnado de primeiro curso á que tamén se invita ao alumnado de intercambio que chega no primeiro semestre. Celébrase no Salón de Actos, situado no Pavillón III (Ampliación) da EPS de Enxeñaría (EPSE).

Neste acto daranse a coñecer:

- ✓ As instalacións.
- ✓ Ao equipo de dirección.
- ✓ Aos coordinadores/as dos títulos.
- ✓ Aos coordinadores/as dos diferentes cursos.
- ✓ Ao alumnado-titor: alumnos e alumnas de cursos superiores que guían e aconsellan sobre diferentes trámites.
- ✓ Información sobre prácticas en empresa, mobilidade, adquisición do B1 de lingua estranxeira, recursos bibliográficos e outros servizos ofertados polo Campus de Lugo.
- ✓ Mecanismos de participación na vida do centro e o Sistema Interno de Calidade.
- ✓ Onde atopar esa información e manexarse na páxina web do centro.

Ademais, as comisións de título poderán organizar actividades de benvida de xeito particularizado se así o consideran convinte que serán presentadas no acto antes citado.

EDICIÓN DE FOLLETOS E MATERIAL DE INFORMACIÓN

- Guía do alumnado
- Folleto informativo de Prácticas en Empresa
- Folleto informativo sobre o Sistema de Garantía de Calidade (SGC)
- Folleto informativo sobre mobilidade e obtención do certificado de linguas
- Redes sociais:
 - <https://www.facebook.com/EPSLugo>
 - <https://www.twitter.com/EPSLugo>

ANÁLISE DA EFICACIA DAS ACTIVIDADES DE ACOLLIDA

Na enquisa propia de satisfacción do alumnado co centro inclúense preguntas sobre perfil de ingreso e eficacia da información proporcionada no procedemento de acollida. Esta información analízase no Informe Anual de Calidade do Centro.